

A CIDADE SEN BARREIRAS

PROXECTO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CEE NOSA SEÑORA DO ROSARIO





1 TÍTULO DO PROXECTO

A cidade sen barreiras.

2 INTRODUCCIÓN. CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

O ano 2018 foi declarado polo Parlamento Europeo e polo Consello da Unión Europea Ano Europeo do Patrimonio Cultural. Nesta ocasión está especialmente centrado na infancia e na mocidade, xa que os nosos rapaces e rapazas serán os encargados de transmitir e pór en valor o noso patrimonio no futuro.

Ao ser este un centro de educación especial especializado en persoas xordas e/ou con trastornos da comunicación e da linguaxe (TEA, TEL...), o noso alumnado ten en moitas ocasións dificultades para achegarse ao patrimonio cultural, xa que se atopa con barreiras. Estas non son físicas, como no caso de persoas con discapacidades motoras, senón cognitivas e comunicativo-lingüísticas, que dificultan o seu acceso á información. Ao seren estas barreiras “invisibles”, pasan desapercibidas máis facilmente polas administracións. Daquela, un dos obxectivos deste proxecto será o de mellorar a accesibilidade á cultura do noso alumnado.

Ademais, a lingua é, sen dúbida, unha parte moi importante do patrimonio cultural intanxible. Por iso, os membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do noso centro cremos que esta é unha oportunidade para vincular o patrimonio cultural coa lingua e coa accesibilidade universal.

Daquela, imos desenvolver varias accións: por unha banda, colaboraremos co proxecto de Nova Carta de Galicia do Instituto Galego da Ciencia, con imaxes da nosa cidade; por outra, elaboraremos un folleto turístico accesible no que incluiremos as imaxes tomadas por nós previamente, xunto cunha explicación escrita e un código QR con esa explicación en lingua oral e en lingua de signos e cunha adaptación en pictogramas; e, por último, trataremos de que estes códigos QR se inclúan nos paneis informativos que están presentes nos puntos de interese turístico da nosa cidade.

Para acadarmos este fin, será necesario o traballo en equipo desde un punto de vista amplo. Por isto, ademais do Equipo de Dinamización da Lingua Galega ao completo, todas as coordinadoras de equipos (Biblioteca, Actividades



Extraescolares e TIC) participarán activamente nel; pero tamén trataremos de traballar man con man coa nosa comunidade educativa, incluídas as familias e, así mesmo, co Concello e con diversas asociacións, como a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG). Coa súa colaboración, trataremos de que o traballo e a implicación do noso alumnado incida na comunidade e que este incrementa o seu autoconcepto, a súa autoestima e a súa sensación de competencia.

Por suposto, todas as actividades e accións están pensadas para que a competencia en lingua galega aumente tanto no plano oral como no escrito. Trataremos de que o feito de estar realizando accións que teñan difusión e continuidade acrecente a motivación do alumnado para mellorar esta competencia e con ela, o seu esforzo e implicación.

Para deseñar e desenvolver este proxecto tivemos en conta diferentes documentos lexislativos, entre os que destacan os seguintes:

- a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983).
- o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004.
- o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG núm. 97, do 25 de maio de 2010).
- a Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas (BOE núm. 255, do 25 de outubro de 2007).
- a Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade (DOG. núm. 241, do 17 de decembro de 2014).

2.1 Identificación da situación sociolingüística do centro

Ao comezo do curso descubrimos a necesidade de realizar unha avaliación inicial sobre a realidade lingüística do noso alumnado, o profesorado e o resto de comunidade educativa. Con este fin, elaboramos unha serie de enquisas. Polo momento, contamos unicamente cos resultados do profesorado.

Porén, e a pesar de non contar con información cuantitativa actualizada respecto aos outros grupos, baseándonos na observación directa podemos achegar as seguintes conclusións:

– Contorna sociolingüística do centro

O noso centro sitúase nun barrio da cidade da Coruña, onde a maioría dos habitantes emprega como lingua preferente para a comunicación o castelán, tanto en ámbitos formais como informais.


– Situación do profesorado

O 50 % do profesorado ten como lingua materna o castelán, o 25 %, o galego, o 18,8 %, ambas as linguas e o 6,3 %, o éuscaro.

Sobre o dominio da lingua, un 50 % asegura ter un dominio “moderado” da lingua galega e só un 6,3 % considera que este é total.

Cando se lles pregunta pola lingua que empregan habitualmente nas súas clases, o 75 % responde que tanto o galego como o castelán, indistintamente, e o 25 % restante afirma que só usa o castelán.


As respostas acerca da consideración do galego na docencia distribúense do seguinte xeito:



En canto á lingua que consideran que se debería empregar nas aulas, o 25 % pensa que a que determine a lexislación; o outro 25 %, a que prefira o alumnado e o 50 % restante repártese en diferentes opinións:

Na túa opinión, en que lingua se debería exercer a docencia?

16 responses



Por último, cando se lles pregunta polo uso do galego en diferentes ámbitos (ensino, sanidade, Administración, medios de comunicación e uso cotián), a maioría do profesorado dá unha puntuación de 2 sobre 5.

– Situación do alumnado

O alumnado que acode ao centro e ten desenvolvida a lingua oral comunícase na súa inmensa maioría en castelán. É importante non perdermos de vista a especial casuística do noso centro, e por iso non podemos restrinxirnos ao uso da lingua oral, pois moitos dos nosos alumnos empregan a lingua de signos ou sistemas aumentativos e alternativos de comunicación (SAAC) como sistema vehicular de comunicación.

– Situación sociolingüística do centro

En canto á situación do centro como institución, as comunicacións oficiais realízanse maioritariamente en galego, así como os documentos de centro.

Porén, as comunicacións informais do persoal realízanse practicamente no cen por cen en castelán.



3 OBXECTIVOS DESEÑADOS COMO RESPONSA ÁS NECESIDADES DETECTADAS NOS DIFERENTES ÁMBITOS

3.1 Presentación dos obxectivos

A vista dos datos obtidos no estudo sociolingüístico, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega considera oportuno formular os seguintes obxectivos con respecto ao presente proxecto:

Obxectivos xerais

- Mellorar a competencia comunicativo-lingüística en lingua galega do noso alumnado, tanto no plano oral como no escrito.
- Promover e valorar o emprego do galego, tanto na escola como noutros ámbitos.
- Colaborar con entidades culturais e asociativas para fomentar o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración social.
- Potenciar o uso e valoración da lingua galega a través das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Favorecer a accesibilidade universal, eliminando barreiras cognitivas e comunicativas da nosa comunidade.
- Promover e poñer en valor a lingua de signos e os sistemas aumentativos e alternativos de comunicación.
- Divulgar entre a comunidade educativa os resultados do proxecto e a súa repercusión na dinamización da lingua.

Obxectivos específicos

Os obxectivos específicos vertebraranse nos tres niveis que se indican a continuación:

Para o alumnado:

- Construír unha imaxe positiva da lingua galega e da lingua de signos.
- Mellorar as habilidades e competencias comunicativas, en lingua galega e en lingua de signos, tanto nos usos coloquiais como en contextos cultos.



- Estender o emprego da lingua galega e da lingua de signos a espazos e temas asociados á modernidade, sobre todo a través das ferramentas TIC.
- Visualizar o galego e a lingua de signos nas redes sociais e nas plataformas dixitais máis utilizadas entre a mocidade (Facebook, Instagram...).
- Aumentar a implicación nas actividades propostas desde o centro.

Para o profesorado:

- Fomentar a interdisciplinariedade, a transversalidade e as dinámicas de colaboración conxugando distintas metodoloxías e sensibilidades.
- Contribuír á adquisición das competencias clave do alumnado.
- Crear materias educativos en lingua galega, en lingua de signos e con sistemas de comunicación aumentativos e alternativos (SAAC), axeitados ás características e ás necesidades do noso alumnado.
- Mellorar a competencia no uso das TIC, especialmente das redes sociais, con finalidade educativa.

Para a comunidade educativa:

- Mellorar a valoración social da lingua galega.
- Eliminar estereotipos e provocar a reflexión sobre os distintos usos e a presenza do galego, da lingua de signos e dos SAAC dentro e fóra do ámbito escolar.
- Actualizar os referentes socioculturais tradicionalmente identificados coa lingua galega vinculándoos á realidade contemporánea.
- Establecer canles de comunicación con axentes sociais e institucións (a Federación Galega de Persoas Xordas e o Concello da Coruña) para colaborar en campañas de sensibilización e dinamización lingüística.

3.2 Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo

Ao longo deste curso, desenvolveremos todas as actividades programadas no presente proxecto.

Pensamos que fomentar a procura de información e o uso de Internet e das redes sociais en galego será unha vía axeitada para achegar o uso da nosa lingua ao noso alumnado de formación profesional básica. Ademais, cremos que, entre o alumnado máis novo, a colaboración co de máis idade terá un impacto positivo, xa

que, en moitos casos, especialmente entre o alumnado xordo, é un dos seus referentes.

Outra das nosas vías estratéxicas neste proxecto é a da difusión e da apertura á comunidade. Consideramos que esta é unha forma de que o noso alumnado se sinta orgulloso de si mesmo, ao ver que as súas accións teñen continuidade e repercusión a outros niveis. Así, esperamos que este feito os motive máis cara ao uso da lingua galega, tanto no plano oral como no escrito e empregando os signos propios da nosa comunidade. Intentaremos deste xeito crear neles un sentimento de arraigamento e de pertenza que os leve á defensa do seu desde a motivación intrínseca.

Por outro lado, esta difusión e apertura da que falamos tamén será clave para tratarmos de acadar non só os obxectivos de centro, alumnado e profesorado que nos propuxemos, senón para procurar contaxiarlle a toda a comunidade educativa (entendida esta do modo máis amplo posible) as nosas intencións e para facela participe de todo o proxecto.

3.3 Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo

A longo prazo, vemos necesaria a ampliación e continuación do proxecto. Se atopamos apoios e conseguimos algún tipo repercusión, esperamos poder continuar no noso concello e tamén noutros límites con esta experiencia.

4 ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

4.1 Organización xeral

Neste proxecto participará máis directamente o dos módulos formativos pero, a través das actividades, incluiremos todo o alumnado do centro.

A temporización abranguerá os tres trimestres escolares. Así, no primeiro deseñamos todas as accións relativas á planificación e organización exhaustiva das diferentes actividades que se van desenvolver. Ademais, realizamos a avaliación inicial e iremos preparando o alumnado con traballo de aula para que coñeza o vocabulario e se familiarice con diferentes manifestacións culturais. Para isto,

utilizamos como fío condutor o proxecto do Equipo de Biblioteca que ten como título Coñecendo Europa.

Durante o segundo trimestre comezaremos a realizar as actividades propostas e, ao mesmo tempo, empezaremos a difundir o proxecto a través do blog do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, da páxina *web* e das redes sociais do centro (Facebook e Instagram).

No terceiro trimestre, ademais de rematar todas as actividades, realizaremos a avaliación final e elaboraremos a memoria do proxecto.

4.2 Desenvolvemento

O proxecto comezará navegando pola páxina *web* de Nova Carta de Galicia do Instituto Galego da Ciencia (<http://www.igaciencia.eu/gl/novacarta>). Veremos as fotos da nosa cidade que están publicadas nela e analizarémolas. Proporémoslle ao alumnado colaborar, con imaxes tomadas por nós, na construción deste *web*.

Para planear as fotos que tomaremos partiremos dos folletos turísticos que atopamos no *web* de Turismo da Coruña. Os alumnos observarán as imaxes e analizarán o mapa da cidade para crear unha ruta para visitar os puntos que máis lles interesen.

Unha vez que teñamos clara a ruta e os puntos nos que nos centraremos, irémolos visitar e tomaremos as fotografías.

Xa no centro, seleccionaremos as imaxes que máis nos gusten de cada punto para subilas ao *web*. Alén diso, exporémolas no centro, colaborando co proxecto de biblioteca Coñecendo Europa.

Ao mesmo tempo, proporemos a elaboración do noso propio folleto turístico. Para isto, ademais das imaxes, debemos incluír a información que consideren máis relevante de cada punto. Esta información obterémola a partir da investigación dos alumnos e das alumnas, que lles pedirán colaboración ás súas familias. A explicación será escrita con cada imaxe e, a maiores, gravaremos un vídeo con esta información en lingua de signos e lingua oral simultaneamente. Este vídeo será codificado nun código QR que se plasmará na nosa guía. O alumnado tamén realizará unha guía adaptada usando pictogramas a través dun *software* específico que facilite a tarefa.

A última parte deste proxecto consistirá en tratar de colaborar coa FAXPG e co Concello da Coruña para que nos paneis informativos da zona vella se inclúan os códigos QR coa información en lingua oral e en lingua de signos e outros coa explicación en pictogramas.

4.3 Metodoloxía

No noso centro, pola súa especial casuística, todas as actividades deben ter unhas características especiais. Así, con este proxecto, pretendemos achegarlle a lingua galega ao noso alumnado a través de actividades:

- significativas, que teñan un especial interese para os alumnos e alumnas, que estean contextualizadas e que entendan a súa finalidade.
- que se desenvolvan na súa contorna, que saian á comunidade e traspasen as barreiras do centro.
- que fomenten a súa participación e visibilidade social, necesarias e imprescindibles para nos achegarmos á inclusión.
- que involucren as TIC, en dúas vertentes: por un lado como medio para difundir as actividades realizadas e redundar na visibilidade e, polo outro, como obxectivo en si mesmo para romper a fenda dixital que moitas veces observamos no noso alumnado.

Todas as actividades respectarán os principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA), de modo que proporemos diferentes opcións de representación, de acción e estratéxicas con actividade multinivel axeitadas ás características de todos os nosos alumnos e alumnas.

Ademais, achegarémonos á aprendizaxe-servizo, xa que trataremos de actuar na comunidade para a mellora da accesibilidade, eliminando barreiras comunicativo-lingüísticas e cognitivas no acceso á información de puntos de interese da nosa cidade.

4.4 Actividades de desenvolvemento dos procesos de innovación en dinamización da lingua galega previstas

Para facermos máis doado o seguimento da estrutura das actividades, incluímos os subapartados deste punto na seguinte táboa:



4.4.1 Título e descrición	4.4.2 Obxectivos e proposta metodolóxica	4.4.3 Xestión e temporización
O patrimonio cultural, de que estamos a falar? Con esta actividade tratamos de achegar o noso alumnado á cultura. O fío condutor será o proxecto da biblioteca sobre a cultura europea. Cada quincena está dedicada a un país europeo. No taboleiro da entrada aparece o mapa de Europa cos países localizados que imos tratando. Na entrada e na saída soa a música destes países, tanto clásica como contemporánea. Sobre estes territorios, nas aulas analízase cal é a lingua, a gastronomía típica, monumentos, a música etc.	- Achegarse ao coñecemento da cultura propia de diferentes países. - Adquirir novo vocabulario (oral, escrito, signado e/ou con SAAC) sobre a cultura en xeral e sobre cada un dos países en particular. - Fomentar o interese e a curiosidade polo patrimonio e pola cultura. - Coñecer a existencia de realidades diferentes.	Estas actividades realizaranse durante todo o curso escolar, con posibilidade de amplialas a vindeiros cursos.
A nosa cidade, coñecemos os espazos Con esta actividade achegarémonos á nosa cidade. Comezaremos coa visualización do vídeo da Concellería de Turismo da Coruña. A continuación, proporemos unha serie de actividades multinivel: localizar os lugares emblemáticos no mapa da cidade, trazar unha ruta para visitalos, procurar información concreta dentro das guías e das páxinas <i>web</i> que lles facilitaremos sobre cada un dos puntos.	- Coñecer a súa realidade próxima. - Valorar as manifestacións artísticas da súa cidade. - Desenvolver as habilidades de lectoescritura. - Achegarse á utilización de mapas e mellorar a súa orientación visoespacial.	Durante o mes de febreiro.



Para outros alumnos e alumnas proporemos que asocien os nomes dos monumentos co seu pictograma e o seu nome, un “memory” e un crebacabezas.		
Reporteiros/as gráficos/as da nosa cidade Esta actividade require a saída do centro. Iremos aos puntos de interese seleccionados. Unha vez alí, deberán fotografalos.	- Coñecer a súa realidade próxima. - Coñecer e aplicar as normas de seguridade viaria da cidade. - Valorar as manifestacións artísticas da súa cidade. - Manexar diferentes dispositivos móbiles para o tratamento da imaxe.	Durante o mes de marzo.
Facendo un novo mapa da nosa cidade. Nova Carta Seleccionaremos as fotos que máis nos gusten de cada punto e publicarémolas coa aplicación da Nova Carta de Galicia do Instituto Galego da Ciencia. Achegaremos a información que posuímos sobre estes puntos.	- Empregar ferramentas dixitais na construción da propia aprendizaxe. - Iniciarse no uso de aplicacións educativas. - Xestionar e seleccionar a información relevante obtida tras a súa procura.	Durante o mes de marzo.
A nosa guía: para todos e todas Elaboraremos unha guía turística accesible baseándonos nas publicadas anteriormente pola Concellaría de Turismo da cidade da Coruña. Empregaremos os principios de lectura fácil e a fonte de “open dyslexic” para favorecer a comprensión lectora das	- Elaborar unha guía turística accesible. - Mellorar a competencia comunicativo-lingüística no plano oral, escrito, signado e / ou por medio de SAAC. - Sensibilizar o noso alumnado sobre a necesidade de eliminar barreiras para favorecer a	Terceiro trimestre.



posibles persoas usuarias. Tamén incluiremos pictogramas para darlle apoio visual á información fundamental. Ademais, gravaremos vídeos nos que incluiremos a información en lingua oral e en lingua de signos. Eses vídeos serán codificados en códigos QR e incluídos nas guías.	inclusión social.	
Espallando accesibilidade e inclusión Trataremos de que as nosas accións teñan o maior impacto positivo na comunidade. Para isto, xestionaremos a coordinación co Concello e a FGPM.	- Aumentar a visibilidade e a inclusión social das persoas con diversidade funcional. - Darlles acceso á información e á cultura a todas as persoas, independentemente do seu medio de comunicación e do seu tipo de procesamento da información.	Terceiro trimestre.

5 IMPLICACIÓN DO PROFESORADO, RESPONSABLES E DE MAIS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Toda acción educativa realizada desde a escola precisa dunha serie de recursos para acadar o éxito. Os recursos materiais son moi importantes; porén, son os recursos persoais os imprescindibles para poder iniciar calquera actividade con intención educativa.

5.1 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

Para o desenvolvemento do proxecto, precisaremos o apoio e a implicación de diferentes recursos humanos. En primeiro lugar, o profesorado será o máximo responsable de todas as actividades propostas. Cada unha das mestras das distintas aulas achegará os contidos aos seus alumnos e alumnas e será ela a que adapte as actividades propostas ao nivel de desenvolvemento cognitivo, comunicativo e social, aos diversos intereses e motivacións e aos procesos de procesamento da información do seu alumnado.

Ademais, tamén precisaremos da colaboración de persoal non docente, como as auxiliares técnicas educativas (coidadoras) que prestan colaboración non só nas saídas e desprazamentos, senón tamén nas aulas, e cooperan para que os alumnos e as alumnas sigan con aproveitamento o proceso de ensino-aprendizaxe.

As familias serán outro recurso fundamental, non só participando activamente en certas partes do proxecto como a procura de información, senón como axente educativo do alumnado, que ten un papel protagonista na educación dos seus fillos, e que será un puntal imprescindible para darlle continuidade ao proxecto e para lograr a xeneralización das aprendizaxes.

Por último, procuraremos apoios doutras institucións como o Concello da Coruña e a FGPM.

5.2 Recursos materiais que se van mobilizar

Neste proxecto cobran especial relevancia os recursos TAC e TIC, xa que serán necesarios dispositivos para tirar fotografías, empregar a *app* da Nova Carta de Galicia ([novacarta.apk](#)), visualizar vídeos, elaborar e darlles forma ás guías... Por iso, sería de grande utilidade contar con algunhas tabletas para que o alumnado as poida empregar.

En canto ao material funxible, precisaremos pinturas, papeis, cartolinas e demais material para realizar actividades na aula.

Por último, será tamén necesario o alugueiro de autobuses para as saídas do centro.



6 COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓN, ENTIDADES, ASOCIACIÓN OU EMPRESAS

Como xa se explicou ao longo do documento, trataremos de colaborar coa Federación de Persoas Xordas de Galicia e co Concello da Coruña.

7 MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO

Parécenos fundamental que o proxecto se difunda para lograr os obxectivos propostos. Diferenciando dous niveis, podemos falar das seguintes medidas:

7.1 Entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa

Neste nivel, serán fundamentais as ferramentas TIC: o blog do EDLG, o *web* e as redes sociais do centro (Instagram e Facebook).

7.2 Na contorna e/ou noutros espazos

A nosa intención é levarmos o proxecto á rúa mediante a introdución dos códigos QR nos puntos de interese turístico da nosa cidade. Para iso, será fundamental a colaboración co Concello e coa FGPX.

8 ORZAMENTO

O orzamento global deste proxecto é de 2.000 euros.

8.1 Xustificación e desagregación

- Dispositivos móbiles (4) para a toma e tratamento de fotografías, uso das *apps*, creación e deseño das guías, gravación dos vídeos: 1.200 euros.



- Alugueiro dos autobuses para as saídas: 200 euros.
- Material funxible: impresión das guías e diferentes materiais para a realización de actividades de aula: 600 euros.

9. PLAN DE AVALIACIÓN

O proceso de avaliación será fundamental durante todo o proxecto. A avaliación guiará todo o proceso e nela pódense diferenciar tres momentos:

A avaliación inicial. A través dela obteremos información que será clave para determinarmos o nivel inicial do noso alumnado e os apoios que necesitará, as necesidades do profesorado en canto á formación en diferentes aspectos (TIC, metodoloxía etc.),

A avaliación continua. Ten un carácter formativo xa que nos irá achegando información constante sobre a execución do proxecto, e permitirá que o adaptemos e modifiquemos en función das necesidades, dificultades e/ou oportunidades que vaíamos atopando.

A avaliación final. Nela valoraremos o grao de consecución dos obxectivos propostos e implicaremos toda a comunidade educativa para tratarmos de garantir a súa obxectividade. Esta avaliación final farase a partir dunha serie de criterios e estándares que tratan de facer a avaliación máis precisa e funcional.

9.1 Criterios e indicadores para a avaliación

Algúns dos indicadores empregados na avaliación serán os seguintes:

- Os alumnos e as alumnas son capaces de comunicarse en lingua galega de forma oral e escrita segundo as súas capacidades.
- O Concello e a FAXPG colaboraron na difusión do proxecto.
- Os alumnos e as alumnas son competentes á hora de empregaren as TIC en actividades guiadas.
- Coñecen a organización social da contorna próxima.
- Recoñecen a cultura e o patrimonio que nos rodea e comprenden a importancia da súa conservación.



- Realizan traballos de investigación empregando as TIC, valoran o esforzo e amosan actitudes de colaboración, cooperación e respecto.

9.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

Tamén será obxecto de análise o impacto do proxecto no uso do galego entre o alumnado, o profesorado e o persoal de administración e servizos.

Esperamos que o emprego da lingua galega, tanto no plano oral como no escrito, durante o desenvolvemento de todo o proxecto teña unha gran repercusión e que se incremente notablemente o seu uso na nosa comunidade educativa.

No noso centro existen alumnos de diferentes nacionalidades que terán por primeira vez contacto coa nosa lingua grazas a estas actividades. Ademais, vistos os resultados da avaliación sociolingüística, todas as iniciativas que poñan en valor a nosa lingua e cultura son necesarias.

10 PROFESORADO PARTICIPANTE. FUNCIÓNS E TAREFAS QUE VAI REALIZAR O PROFESORADO IMPLICADO

PROFESORADO	FUNCIÓNS E TAREFAS
Alicia Queiro Pereira, coordinadora do EDLG, mestra de FPB.	▪ Asesorar o profesorado do centro durante o desenvolvemento do proxecto. ▪ Establecer canles para a difusión da experiencia e para o intercambio de información entre a comunidade educativa e con outros centros e/ou outras entidades. ▪ Impulsar actuacións tendentes á ampliación e á mellora do proxecto. ▪ Orientar o profesorado do centro sobre os recursos dispoñibles. ▪ Fomentar a creación de contidos educativos vinculados á dinamización lingüística, especialmente os de tipo audiovisual e



	informático, e impulsar a súa difusión entre a comunidade educativa por parte do profesorado do centro; actuar de enlace coa Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. ▪ Distribuír as funcións e as tarefas que vai realizar cada profesora ou profesor participante no proxecto.
Lucía Bello Pardo, membro do EDLG, mestra titora de primaria	▪ Seguimento das actividades co alumnado da sua aula. ▪ Colaboración coas funcións da coordinación. ▪ Elaboración e adaptación de materiais específicos para o alumnado
Noela Rivas León membro do EDLG, mestra titora de primaria.	▪ Seguimento das actividades co alumnado da sua aula. ▪ Colaboración cas funcións da coordinación. ▪ Elaboración e adaptación de materiais específicos para o alumnado.
Beatriz Caamaño Louro membro do equipo de TIC, mestra de aula de comunicación 1.	▪ Seguimento das actividades co alumnado da sua aula. ▪ Elaboración de recursos, especialmente en formato dixital. ▪ Difusión do proxecto na <i>web</i> e en redes sociais.
Beatriz Soledad Reimúndez Rodríguez, coordinadora do EACE mestra de apoio	▪ Coordinar os aspectos relacionados coas saídas do centro. ▪ Elaboración e difusión de publicidade do proxecto no centro. ▪ Elaboración e adaptación de materiais específicos para o alumnado.



Julia Georgina Cómitre Couto, coordinadora do Equipo de Biblioteca, mestra de FPB	▪ Seguimento das actividades co alumnado da súa aula. ▪ Seleccionar recursos bibliográficos útiles para o alumnado e o profesorado. ▪ Elaboración e adaptación de materiais específicos para o alumnado.
Sonia Suárez Martínez, membro do Equipo de TICs e titora de FPB	▪ Seguimento das actividades co alumnado da súa aula. ▪ Colaboración cas funcións da coordinación. ▪ Elaboración e adaptación de materiais específicos para o alumnado.
María Enriqueta Cernadas Rey, membro de EDLG e titora de FPB	▪ Seguimento das actividades co alumnado da sua aula. ▪ Colaboración cas funcións da coordinación. ▪ Elaboración e adaptación de materiais específicos para o alumnado.
Alicia Soto Fontán, membro do EDLG e titora de FPB	▪ Seguimento das actividades co alumnado da sua aula. ▪ Colaboración cas funcións da coordinación. ▪ Elaboración e adaptación de materiais específicos para o alumnado.
Tamara Taboada Rodríguez	▪ Seguimento das actividades co alumnado da sua aula. ▪ Colaboración cas funcións da coordinación. ▪ Elaboración e adaptación de materiais específicos para o alumnado.



11 ALUMNADO PARTICIPANTE

O proxecto ten diferentes niveis de participación en función das capacidades, habilidades e intereses do alumnado. Así, os alumnos de formación profesional básica e de 5.º e 6.º cursos de primaria serán os que realicen un maior número de actividades. Porén, todo o alumnado participará segundo as súas características nalgún momento do proxecto. Seguiremos así a metodoloxía propia do deseño universal de aprendizaxe, dando diferentes opcións de actividades, de recepción e de estratexia.